

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE SOOM MANAGEMENT S.L. E A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

D. Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante Agasp), organismo autónomo da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, , actuando en nome e representación da Agasp, en virtude das facultades que lle confire o artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública,

**DECLARA:**

Que a Agasp formalizou coa empresa Soom Management S.L. con CIF B-70350111 (en diante a empresa) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o **30 de xuño de 2021**, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prórrogas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A participación da empresa na realización do módulo *prácticas profesionais non laborais de socorrismo* que debe superar o alumno do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas cunha duración de 80 horas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

**Primeiro.-** Que no DOG de data 7 de abril de 2017 publicouse o **Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.**

**Segundo.-** Que os anexos V e VI do **Decreto 35/2017, do 30 de marzo, regula o contido dos cursos CAFDO-IA, establecendo respectivamente o módulo de PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS, cunha duración de 80 horas.**



**Terceiro.-** Que a Agasp convocou no Diario Oficial de Galicia nº 25 de 8 de febreiro de 2021, as seguintes actividades formativas en materia de socorrismo *“Curso de Adaptación da Actividade Física e Deportiva ao Socorrismo en Instalacións Acuáticas”* que se está a desenvolver.

**Cuarto .-** Que a empresa posúe os recursos e instalacións necesarias para levar a cabo as prácticas profesionais non laborais de socorrismo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Que estes convenios tipo foron informados favorablemente pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo con data 21 de xuño de 2017.

E para que conste, asínase esta memoria, na Estrada, na data da sinatura dixital

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

